

O HOME DE FUME

Onte tiven un soño. Ou, mellor dito, un pesadelo. Outra vez a mesma silueta, a mesma mirada e a mesma sensación de pánico. O Home de Fume. Por se non sabes quen é, explícocho. Máis que un home é un monstro. Arrasa con todo o que ve.

Esta vez estaba escuro. Só se divisaba unha tenue luz ao lonxe, e a paisaxe que me rodeaba era sinxelamente terrorífica. Era o bosque ao que adoitaba ir cando era máis nova. Porén, era como se alguén levara toda a vida que tiña aquel lugar. As árbores, que antes se erguían maxestosas, eran siluetas sinistras e espeluznantes. Os paxaros que non paraban de cantar enmudeceran. Das flores que había polo céspede só quedaran os talos e mais algunha folla murcha.

Isto é o que fixo o Home de Fume a primeira vez que decidiu coarse nos meus soños. A noite seguinte foi aínda peor. Espertei en medio dun estanque. Non, un estanque non. Un lago. E non un calquera, senón o lago onde ía bañarme coa miña nai. Pero non. Definitivamente, non era o mesmo. O que estaba ante os meus ollos era un pouco de auga mesturado con toda clase de lixo. Botellas, envoltorios, bolsas e miles de cousas máis que non sabía nin do que se trataban. Os peces morreran todos, ben afogados nese líquido ao que a sociedade chama auga. Pero non foi máis que o principio.

Ultimamente, os soños son máis reais que nunca. Case podo sentir o seu tacto. Frío, seco, sen unha pizca de vida. Case podo miralo neses ollos fríos e sen compaixón. Case sinto o seu alento no meu alento.

Cando saín do meu soño enmudecín por completo. Alí estaba. Sentado tranquilamente no sillón verde da entrada da casa. Tal vez era outro soño máis. Pero non había nada estraño. Todo estaba no seu sitio. E el seguía mirándome, mentres eu intentaba, en van, atopar algún atisbo de empatía ou arrepentimento na súa mirada. Entón sucedeu algo que non me esperaba. Entrou pola porta outro Home de Fume máis. Mirei pola ventá e vin a moitísimos máis. Un deles saudou coa man, e aquilo foi a gota que colmou o vaso. A piques estiven de pensar que me volvera tola.

De súpeto, miña nai chamoume para almorzar, e case caio cando me atopei a dous Homes de Fume sentados á mesa. E aínda máis cando vin que falaban coma os meus pais. E entón caín na conta. Ese monstro convertera aos meus pais noutros monstros egoístas coma el. Na miña casa o diñeiro xamais foi algo moi importante. Pero desde que eses forasteiros substituíran aos meus pais era o único que lles importaba de verdade.

E nese momento decateime da importancia de todo. Das pequenas cousas e dos momentos en que te sentes tan feliz que cres que vas estoupar. E decidín que o Home de Fume non me ía quitar iso xamais. Nin a min nin a ninguén. E que ía emendar todos os erros que el cometera. Porque este é o meu fogar, e ningún monstro ten dereito a arrebatarmo.